

—¿Pódese pasar?

Dende o interior respondeu unha voz con enerxía innecesaria.

—Pase e sente.

Pablo rematou de empurrar a porta e accedeu ao despacho, encamiñándose deseguida a aquela cadeira na que xa sentara outras veces. Antes de apoiar os cadrís contra o respaldo recibiu, coma unha labazada, a segunda frase que escoitaba ao seu novo superior.

—¡Vostede é un inútil, un incompetente! Non respectou a norma máis elemental deste servizo e abusou da confianza da

7

A ben dos demais **Luís Manuel García Mañá**

Contos de Agardar



Luís Manuel García Mañá
(Ourense, 1950)

Xefe Superior de Policía de Galicia. Membro correspondente da Real Academia Galega. Obras publicadas, entre outras: *La frontera hispano-lusa en la provincia de Ourense* (1988), *Miño: ¿existiu unha fronteira?* (1993), *O lume do Santo Antón* (1997), *As primeiras boticas de Vigo e a Arte do oficio* (1997), *As plumas do moucho* (1999), *Couto Mixto. Unha república esquecida* (2000), *En galego agora e sempre* (2002), *Menino morreu* (2003).

© do texto: Luís Manuel García Mañá

© da edición:



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Consello Editor: Xosé Xoán Barreiro Prado
Paz Filgueira Paz
Luís M. García Mañá
Xosé González Martínez
Xoaquín Monteagudo Romero
Benito Montero Prego
Carme Pérez Vaquero
Xosé M. Rodríguez—Abella
Carlos Varela García

Coordinación: Xosé González Martínez
Carme Pérez Vaquero

Corrección de edición: Fran Zabaleta

Fotografía e deseño da colección: Pío García

Imprime: Litonor

Depósito legal: C 2186—2007

Edita: Pío García Edicións

A función da Policía nun Estado de dereito é, xunto coa tradicional de garantir a seguridade pública, defender a legalidade democrática e os dereitos dos cidadáns, e os seus principios de actuación son os de servizo permanente á comunidade, máxima consideración á dignidade das persoas e evitación de calquera discriminación.

A Policía asume o feito de que a Constitución e o Estatuto de Autonomía lle recoñecen ao galego a condición de idioma oficial do país e a circunstancia de que é a fala utilizada a cotío pola maioría dos cidadáns.

A lingua galega é un instrumento de comunicación pero tamén é un mecanismo de integración social e política de primeira orde, un medio de expresión colectivo moi relevante para a identificación política e social da comunidade que a fala. Velaí que o Estado no seu conxunto, e dentro del a Policía, incorporen o galego como a súa lingua propia a nivel interno e nas relacións coas persoas.

Os cidadáns poden, xa que logo, dirixirse en galego aos policías, con toda naturalidade, de forma oral e por escrito. E tamén teñen todo o dereito do mundo a que os policías os atendan nesa lingua.

Neste intento por estender o uso da lingua galega aos procedementos administrativos poli-

ciais é importante a participación dos funcionarios e funcionarias, garantindo os dereitos lingüísticos e facilitando os medios para o seu cumprimento.

Velai a intención desta campaña de normalización lingüística: abrir novos espazos institucionais á comunicación, oral e escrita en lingua galega. Entendemos que os corpos de seguridade deben prestaren os seus servizos na lingua maioritaria de Galicia —que é o galego— e os cidadáns demandalos sen ningún complexo cultural.

A colección de relatos do que forma parte este que o lector ten na súa man é unha manifestación do compromiso que a Policía asume na promoción e defensa do idioma galego.

Xoaquín Monteagudo Romero

Presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia.





7

A ben dos demais
Luís Manuel García Mañá

Contos de Agardar
A ben dos demais

—¿Pódese pasar?

Dende o interior respondeu unha voz con enerxía innecesaria.

—Pase e sente.

Pablo rematou de empurrar a porta e accedeu ao despacho, encamiñándose deseguida a aquela cadeira na que xa sentara outras veces. Antes de apoiar os cadrís contra o respaldo recibiu, coma unha labazada, a segunda frase que escoitaba ao seu novo superior.

—¡Vostede é un inútil, un incompetente! Non respectou a norma mais elemental deste servizo e abusou da confianza da Súa Alteza. Ese exceso é inapropiado e demostra que non serve para desenvolver o traballo de escolta. Terá que abandonar a unidade de Protección e Seguridade desta casa.

A medida que recibía aquel sarillo de palabras, Pablo sentía que o corazón lle batía máis a presa. Non quería admitir que aquel intre, que tanto temera, viña

de chegar. Unha morea de anos ao servizo da Casa Real do Principado estragábanse neste maldito día.

—Xa non debería vostede estar destinado na unidade de escoltas —proseguiu o mando recién ascendido—. É vello dabondo como para non dar o perfil profesional que se esixe neste posto. Así que entrégume a súa arma, a súa insignia e o seu carné e abandone inmediatamente este complexo.

12 Pola cabeza de Pablo desfilaron algunhas imaxes do pasado. En xuño faría trinta anos que estaba destinado naquela unidade. Con apenas vinte de idade, despois de ingresar na Policía do Principado, fora destinado polos seus superiores á Casa Real. Pablo era, daquela, un mozo ben parecido, ben educado e moi eficiente. Ofrecía de sobra o perfil preciso para acompañar ao Príncipe Herdeiro nas súas andainas oficiais e mesmo privadas. E así foi como o novo escolta vivíu adicado por completo a aquela Familia que dirixía os destinos do pequeno país. A tanto chegara a súa devoción por aquel traballo que nin sequera tivera tempo de buscar unha moza para casar e construír a súa propia familia.

Entrementres, o Príncipe Herdeiro medrara, fora

Contos de Agardar
A ben dos demais

coroado como soberano e atopara unha princesa coa que, despois de matrimoniar, ofreceu un novo principíño ao país; o mesmo neno de tres anos que aquela mañá despegárase da man da súa coidadora para achegarse a Pablo e bicalo nas meixelas.

O escolta aprendera a chiscar os ollos cunha rara cadencia que algunhas veces utilizaba co Príncipe gobernante, ao que lle xunguía lazos de afecto e confianza. Agora facía o mesmo co cativiño. Pai e fillo ollaban aquela habelencia coma unha graza que aladaba a súas vidas regulamentadas e ríxidas.

Pablo só usaba desta ocorrencia co soberano cando este, aburrido nos actos oficiais, ollaba cara o seu escolta cunha complicidade que só eles comprendían. Aínda que o Principiño era moi pequeno, desde a rixidez do protocolo e a postura habitual de aparente frialdade que adoitaba o protector, principiáran a comunicarse cos ollos. O neno non entendía de status reais e Pablo pensaba que o que antes valera co pai, tamén valía para o fillo.

Errou o experimentado escolta. Os responsables da Casa Real querían darlle outro aire aos servizos do Pazo. Nomearon un novo Xefe de Área, ava-

lado polo seu currículo ateigado de masters, membro dunha notabilísima familia que arrastraba un refugallo de máis dunha ducia de apelidos e unha escintillante carreira. Era o home axeitado para proxectar un novo estilo e rachar cun pasado rancio, que debería evolucionar cara unha imaxe de modernidade.

O que nun principio foi de incredulidade, transformouse deseguida nunha sensación de tristura do escolta, que percibiu con enorme mágoa que a súa traxectoria profesional estaba a piques de finiquitar.

—¿E que non me escoita? Deposite a súa arma o carné e a insignia sobre esta mesa. É unha orde —insistiu o alto funcionario.

14

Algo pasou pola cabeza de Pablo que, erguéndose, recuperou de contado a súa enerxía vital. E mentres se dirixía cara a porta do despacho respostou:

—¡Vaia a rañarse! Xa entregarei o que deba na oficina de seguridade.

Enrabechado o seu superior berrou fora de si:

—¡Díxenlle que aquí, sobre esta mesa; agora mesmo! Se da un paso máis ordenarei que o deteñan por desobediencia.

Estas frases non deron o resultado que agardaba o res-

Contos de Agardar
A ben dos demais

ponsable. O seu interlocutor saíu da estancia deixando tras de seu a porta aberta. Logo encamiñouse ao vestiario e principiou, bastante atordado, a introducir algúns trebellos persoais nun bolso de viaxe que gardaba alí, xa que non era raro ter que saír de viaxe sen previo aviso e había que estar sempre preparado.

Minutos despois atravesaba o patio ao que daba o edificio dos servizos de seguridade para encamiñarse ao aparcadoiro e gardar no coche os seus efectos. Daquela tres gardas achegáronse a el e un deles, o de maior graduación, cominou a Pablo a que o acompañase en calidade de detido xunto ao xefe co que había un cacho tivera o desencontro.

—Sacádevos de diante e decídelle que quede tranquilo que me vou. Eu ben sei o que teño que facer.

15

Os gardas quedaron confusos ante a reacción do veterano compañeiro.

Foi entón cando na porta do edificio de seguridade apareceu o superior abaneando os brazos con movementos firmes, ao tempo que esixía que desarmaran e detiveran, alí mesmo, ao insubordinado funcionario.

Os gardas dispuxéronse a cumprir a orde, de-

Contos de Agardar
A ben dos demais

catándose entón que Pablo apreixaba a súa pistola na man. Abraiados e dubidosos non podían interpretar, con claridade, se a actitude do escolta era de conformidade ou de rexeitamento.

Nese preciso momento o cativo principiño apareceu correndo, perseguido pola súa coidadora, para ir a acollerse xunto as pernas de Pablo que, disimuladamente deixou caer a arma por detrás do seu corpo. Deseguido colleu ao neno da man e chiscándolle os ollos, coma el só sabía facer, devolveullo á nurse que non comprendía nin ren do que estaba a acontecer.

16

De súpeto, o defenestrado escolta, sentiu que as mans de varios homes empurraban nel cara ao interior do edificio no que traballara case trinta anos da súa existencia.

Pablo percibiu que o mergullaba unha paz enorme e que as forzas o abandonaban. Viña de rematar a súa vida a ben do servizo, a ben dos demais.

DEREITOS LINGÜÍSTICOS

Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega oralmente e por escrito nas súas relacións cos cidadáns.

(Artigo 8.3. da Lei 1983, de Normalización Lingüística de Galicia)

Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

(Artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia)

Os escritos redactados na lingua oficial dunha comunidade Autónoma que dirixan á Administración Militar particulares, Corporacións públicas ou institucións de autogoberno pertencentes a aquela, terán plena validez e eficacia.

(Artigo 2 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar).

No caso das relacións verbais entre particulares e centros ou dependencias da Administración Militar con sede nunha Comunidade Autónoma con lingua propia, os primeiros serán atendidos a súa elección en castelán ou na lingua da Comunidade.

(Artigo 4 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar)

No ámbito territorial das Comunidades Autónomas con Estatuto que establezan a cooficialidade lingüística, os peticionarios terán dereito a lles formular as súas peticións á Administración Xeral do Estado ou ós organismos públicos vinculados ou dependentes dela en calquera das linguas oficiais e a obter en resposta na lingua da súa elección.

(Artigo 5 da Lei Orgánica 4/2001, reguladora do dereito de petición)

Os detidos dispoñen do pleno dereito ao uso das linguas cooficiais perante os poderes públicos radicados na Comunidade Autónoma, sexan estes estatais ou mesmo rexionais”

(Sentenza do Tribunal Constitucional do 21 de xaneiro de 1987)

Contos de agardar
é unha colección que pretende achegar ao lector
unha escolma de autores de relato galego,
dentro da campaña de normalización lingüística
“En galego, con toda seguridade”.
Con ela pretendemos promover o uso do idioma galego
nas relacións dos
corpos e forzas de seguridade coa cidadanía



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística



Dirección Xeral da
Policía Nacional
e Garda Civil



Dirección Xeral da
Policía Nacional
e Garda Civil



Consellería de Presidencia
Policía Autónoma